



BASES REGULADORAS DA 13ª EDICIÓN DO CONCURSO SABORES DE OURENSE – PINCHOS DE OUTONO 2021

1. OBXECTO

O Concello de Ourense, a través da Concellería de Turismo e Termalismo, organiza a acción promocional “Sabores de Ourense – Pinchos de Outono 2021” coa finalidade de achegar e dar a coñecer a riqueza gastronómica da cidade e as distintas propostas dos establecementos hostaleiros entre os cidadáns e visitantes de Ourense.

O concurso terá lugar do **10 ao 21 de novembro de 2021 (ambos incluídos)**.

A inscrición neste concurso supón a aceptación das presentes condicións de participación, así como das eventuais instrucións que adopte a organización.

2. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar no concurso os establecementos hostaleiros do concello de Ourense que ofrezan habitualmente pinchos aos seus clientes, que estean legalmente establecidos de xeito previo á convocatoria do concurso e que realicen a súa inscrición no prazo e forma detallados nestas bases.

A data límite de inscrición será o día **15 de outubro de 2021**. Antes desta data deberá indicar a categoría na que participa e o nome do pincho, ademais de todos os datos do establecemento e días de peche.

A inscrición realizarase exclusivamente remitindo un formulario de inscrición debidamente cuberto ao correo electrónico que a organización porá a disposición dos concursantes.

O modelo de formulario de inscrición figura como ANEXO I a estas bases e estará dispoñible, entre outros lugares, na web www.ourense.gal.

Poderán participar até un máximo de 65 establecementos, determinados por orde de inscrición. As peticións atenderanse por orde de chegada. Con todo, a organización resérvase a posibilidade de ampliación de participantes en función do número de solicitudes. De non cubrirse a participación cun mínimo de 35 establecementos, a organización poderá decidir a suspensión desta edición do concurso.

3. OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Cada establecemento poderá participar presentando un único pincho ao concurso, entendendo o concepto de pincho como un petisco de aperitivo que poida comerse nun ou dous bocados, polo que sexa unha porción máis pequena ca unha tapa.

O pincho participante deberá incorporar como ingredientes **cogomelos e/ou castañas**.

Non se admitirá un pincho que xa fose presentado en edicións anteriores do concurso Sabores de Ourense.



Ningún pincho participante poderá ter un prezo de venda **inferior aos 2 € nin superior aos 3 € (IVE incluído)**.

Os establecemento comprométense a:

- Non modificar a elaboración ou prezo do pincho durante o concurso.
- Servir o pincho ao público tal e como o establecemento o presentou na fotografía para materiais promocionais.
- Ter o pincho participante a disposición do público de acordo cos días e horario especificados no formulario de inscrición.
- Informar na ficha de inscrición dos alérxenos que inclúe o pincho e se é apto ou non apto para celíacos (presenza de glute).
- Dispoñer dun selo (de caucho, cortiza, etc.) identificador do establecemento co que selar as papeletas do público.

A organización entregará a cada establecemento cartelería, folletos, urnas e cupóns de votación para o público. Os establecementos comprometeranse a telos nun lugar visible e accesible aos seus clientes.

En caso de que o pincho resultase gañador dalgún dos premios do concurso, o hostaleiro comprométese a mantelo como mínimo 10 días máis a disposición do público.

O non cumprimento destes requisitos pode ser motivo de eliminación nesta edición e/ou veto nas seguintes.

4. PREMIOS

Os premios do concurso serán distincións honoríficas que se outorgarán conforme ás puntuacións obtidas nas votacións de consumidores (público) e xurados. Un mesmo pincho pode obter máis dun premio.

Os establecementos premiados e finalistas poderán ser propostos paraa participar nas campañas e eventos de promoción gastronómica que organice durante todo o ano a Concellería de Turismo, e a participar no restaurante do que dispoña, no seu caso, o Concello de Ourense na feira gastronómica Xantar.

Concederanse os seguintes premios:

- **3 premios do Xurado Profesional**
- **1 accésit do Xurado Profesional ao pincho máis creativo**
- **3 premios do Público**
- **1 premio Pincho Celíaco**

4.a. PREMIOS DO XURADO PROFESIONAL

1ª FASE: **COMISIÓN AVALIADORA E ESCOLLA DOS FINALISTAS**

A organización do concurso designará unha comisión avaliadora ou xurado de aproximación (formado por tres persoas do sector da hostalaría ou gastronomía) que pasará a probar os pinchos polos establecementos para seleccionar os pinchos finalistas que competirán na categoría do Xurado Profesional.



A organización fará un calendario e informará a cada establecemento da data na que esta comisión avaliadora pasará a probar o seu pincho. Os establecementos participantes non poderán cobrar aos membros deste xurado o prezo dos pinchos nin a consumición que os acompañe.

Os 8 establecementos que acaden a maior puntuación nesta fase de preselección serán nomeados finalistas do certame. A súa decisión será inapelable.

A súa designación como finalistas se lles comunicará aos establecementos de forma persoal e confidencial á maior brevidade posible. A relación dos 8 finalistas non se fará pública ata a final do xurado profesional.

2ª FASE: VOTACIÓN DOS FINALISTAS E CONCESIÓN DOS PREMIOS

A votación do xurado profesional realizarase nunha data e lugar que a organización do concurso determinará e comunicará previamente. Ese día, os establecementos finalistas deberán acudir ao lugar da votación para elaborar, montar e presentar ante o xurado profesional o seu pincho (realizando tantos pinchos como membros do xurado haxa máis un a maiores para fotografías de prensa).

Este xurado elixirá os 3 mellores pinchos mediante votación en sesión colectiva (que quedará recollida nunha acta), valorando os pinchos de acordo cos seguintes criterios: presentación, elaboración, sabor, emprego das materias primas e relación calidade-prezo. Así mesmo, concederán un accésit ao pincho que consideren máis creativo ou innovador na súa elaboración. O fallo do xurado farase público neste acto. A súa decisión será inapelable.

4.b. PREMIOS DO PÚBLICO

O Premio do Público consiste no recoñecemento popular que outorgarán os clientes dos establecementos participantes, emitindo o seu voto a través das papeletas de votación que haberá en cada local participante. Resultarán gañadores os 3 pinchos que obteñan o maior número de votos tras recontar as papeletas válidas. Ao finalizar o reconto, redactarase a correspondente acta co resultado das votacións. O veredicto do xurado pode coincidir ou non co veredicto do público.

Cada establecemento recibirá unha urna de votación precintada, na que se introducirán as papeletas. Tralo concurso, a organización recollerá as urnas facilitadas aos establecementos participantes para proceder ao reconto de votos. Ante calquera manipulación ou dúbida sobre o estado do precinto ou do contido da urna, ou a non devolución da mesma, a organización poderá decidir que o establecemento perda os dereitos de participación e que sexan anuladas as papeletas desa urna.

4.c. PREMIO AO MELLOR PINCHO APTO PARA CELÍACOS

Poderán optar ao premio Pincho Celíaco todos os pinchos que non empreguen glute na súa elaboración e polo tanto sexan aptos para celíacos; deberán indicalo debidamente ao cubrir a folla de inscrición.

A delegación ourensá da Asociación de Celíacos de Galicia comprobará que os pinchos candidatos cumpren os requisitos e nomeará un xurado propio que elixirá o pincho gañador.



5. CONDICIÓN APLICABLES AO PÚBLICO PARTICIPANTE

Poderán participar todos os consumidores que acudan aos establecementos participantes que cumpran os seguintes requisitos: ser maiores de idade, degustar polo menos catro pinchos e cubrir unha papeleta de votación.

Cada consumidor poderá obter papeletas de votación en calquera dos establecementos participantes. Unha vez consumido un pincho inscrito no concurso, o cliente deberá pedir que a súa papeleta de votación sexa selada polo establecemento. Cada papeleta deberá estar selada por catro establecementos distintos para ser considerada válida.

O cliente deberá escribir nunha papeleta válida o nome do pincho ou establecemento que considera como gañador, e posteriormente depositala nunha das urnas de votación do concurso. Non hai limite na participación por cliente.

Cada papeleta debidamente cuberta e depositada nunha urna entrará no sorteo dunha serie de premios promocionais que se concederán co obxecto de recompensar e impulsar a participación do público. Para a participación neste sorteo, cada papeleta deberá indicar os datos de contacto do cliente, e o seu consentimento ao tratamento dos seus datos.

A organización do concurso determinará e informará oportunamente da lista de premios adscritos a esta promoción así como da resolución do sorteo, pódose en contacto cos premiados a través do contacto facilitado por estes nas papeletas.

6. NORMAS XERAIS

A participación nesta promoción supón a aceptación das presentes bases así como a aceptación do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen durante o desenvolvemento do concurso.

A organización realizará accións de supervisión, designando una comisión de control, para garantir que os establecementos cumpren coas súas obrigas de participación (cumprimentos de horarios, dispoñibilidade do pincho, etc.), así como avaliar o bo funcionamento do concurso. A organización poderá descualificar aos establecementos que incumpran algunha destas bases, que tamén poderán ser excluídos de vindeiras edicións deste concurso ou de accións similares no futuro.

Debido á situación epidemiolóxica existente, as bases desta edición do Concurso de Pinchos Sabores de Ourense poderán sufrir variacións para respectar as medidas de seguridade propostas polas autoridades sanitarias e cumprir coa normativa vixente.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Para que conste que o documento que precede á presente, foi aprobado pola Xunta de Goberno local do Concello de Ourense. Faise constar que se incorpora ó correspondente expediente electrónico a comunicación asinada por esta Secretaría ó respectivo servizo do acordo tomado.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en Ourense na data de sinatura electrónica.



Concello de **OURENSE** Turismo e Termalismo

O/a concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno local